CURSO: 4º EDUCACIÓN INFANTIL.

MESTRAS: ELENA VÁZQUEZ SIXTO E SILVIA PÉREZ RIVAS.

EXPERIMENTO: PAPEL RECICLADO.

O alumnado de cuarto de educación infantil elaborou, coa axuda da titora e a mestra de apoio, papel reciclado.

Esta actividade consistiu en darlle unha segunda vida a aquel papel que rexeitamos cando se fan actividades de picado, recortado, manualidades,… Tratando de potenciar o consumo responsable.

Estes restos de recortes, etc separávanos no colector azul para protexer o medio; polo que se decidiu amosarlles como se podían transformar de novo en "folios de papel" dunha forma caseira.

Primeiro gardaron os trozos de papel que se rexeitaban nunha caixa. Cando xa tiveron moitos puxeron a súas mans a traballar, rasgando e cortando anaquiños de papel. Favorecendo así o desenvolvemento da súa motricidade fina dunha forma funcional.

A continuación, eses anacos de papel xuntáronse con algúns anaquiños da destructora do cole e, metéronse a remollo en auga.

Despois de dous días triturároronse na licuadora, obtendo así unha pasta que lles encantou manipular. Coa axuda dun coador sacaron o exceso de auga e colocárona no bastidor para darlle forma.

Finalmente desmoldouse e púxose a secar nun pano. Unha vez seca a peza de papel reciclado, xa está lista para facer uso dela.

Ademáis, coa pasta que lles sobrou fixeron uns cuncos de té xaponeses para o Proxecto de Xapón, no que están investigando a tradición e cultura xaponesa.

Reutilizar o papel supón un importante aforro enerxético.

https://drive.google.com/file/d/126lFszYvz7PbXBHO3NdaWc5-AITcMhJi/view?usp=sharing